

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP XOAQUÍN LORIGA  
CURSO: 5º EDUCACIÓN INFANTIL  
MATERIA: GLOBALIZADO  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 8 DE MAIO.

# INDICE

1- OBXECTIVOS E CONTIDOS, RELACIONADOS CAS DISTINTAS COMPETENCIAS E ÁREAS, A REFORZAR E NALGÚNS CASOS AMPLIAR AO LONGO DESTE 3º TRIMESTRE.

2 - CUALIFICACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

3 - METODOLOXÍA E ACTIVIDADES 3º TRIMESTRE.

4 - INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

# 1- OBXECTIVOS E CONTIDOS, RELACIONADOS CAS DISTINTAS COMPETENCIAS E ÁREAS, A REFORZAR E NALGÚNS CASOS AMPLIAR AO LONGO DESTE 3º TRIMESTRE.

## ✓ Área Coñecemento de si Mesmo e Autonomía persoal.

- Dialogar sobre acontecementos relacionados coa vida cotiá .
- Expresar en voz alta desexos, gustos, intereses e necesidades .
- Potenciar as destrezas manuais e adquisición de novas habilidades motoras (motricidade fina)
- Empezar a coñecer as súas posibilidades aprendendo a esforzarse.
- Situarse espacial e temporalmente .
- Realizar xogos que reflectan a dominancia lateral e lateralidade en xeral.
- Realizar as tarefas con seguridade e confianza .
- Compartir, colaborar, escoitar, prestar axuda, pedir axuda, participar, tolerar e aceptar as diferenzas progresivamente.
- Resolver con progresiva autonomía os pequenos problemas que se lle presentan na súa vida cotiá .
- Empezar a coñecer as súas posibilidades e limitacións aprendendo a esforzarse e a superarse .
- Valorar a importancia da prevención de enfermidades e accidentes.
- Desenvolver valores persoais como a autoestima .

## ✓ Área Coñecemento do Contorno.

- Percibir o seu medio físico, algúns dos cambios que nel se producen .
- Recoñecer e participar en conmemoracións de identidade cultural.
- Identificar e diferenciar diferentes animais (vertebrados) atendendo ao medio no que viven, a súa alimentación, o modo de reprodución, as partes do seu corpo e desprazamentos..
- Obsrvar la importancia y utilidad de la relación entre as personas e os animais.
- Identificar e trazar números e asocialos ás súas cantidades .
- Resolver sinxelos problemas de sumas e restas con apoio gráfico .
- Maior control da direccionalidade das grafías dos números .
- Recoñecer e trazar números e asocialos a súa cantidade.
- Manipular obxectos e descubrir as súas calidades .
- Establecer relacións sinxelas entre os obxectos .
- Realizar clasificacións según dous criterios (cor, tamaño, forma).
- Manipular obxectos e descubrir as súas calidades .
- Ordenar secuencias temporais.
- Saber aplicar o que aprende para desenvolverse na vida cotiá .

## ✓ Área Linguaxes: Comunicación e Representación

- Empezar a apreciar e a valorar as producións plásticas dos seus compañeiros e compañeiras .
- Desenvolver a imaxinación, a creatividade, a iniciativa persoal, a sensibilidade e o sentido estético.
- Empregar o coñecemento das formas e das figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran .
- Expresar e comprender mensaxes orais .
- Expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario axeitado para a súa idade.
- Comprender a información dos contos, lidos ou contados por adultos e polos seus compañeiros/as .
- Comprender as gravación en soporte audiovisual .
- Adquirir as habilidades e destrezas básicas para manexar o ordenador: manexo do rato .
- Comprender a información integrándoa progresivamente nos esquemas de coñecementos previos .
- Saber escoitar os seus compañeiros e compañeiras e os adultos.
- Escoitar obras musicais .
- Comezar a desenvolver destrezas e habilidades para saber percibir e comprender producións artísticas e culturais .
- Empezar a aproveitar a información facilitada polas novas tecnoloxías
- Utilizar, de maneira guiada, algúns xogos educativos de ordenador .

- Coñecer a existencia do correo electrónico como medio de intercambio de información.
- Familiarizarse ca lingua escrita mediante a observación de palabras coñecidas para eles .
- Realizar trazos cada vez mais precisos atendendo a direccionalidade (maiúsculas).
- Comprender o relato dun conto, dun pequeno texto ou información que se lle proporciona.

**SECUENCIACIÓN E SELECCIÓN DE CONTIDOS 5º EDUCACIÓN INFANTIL**  
**(1º, 2º E REFORZO DO 3ºTRIMESTRE).**

**5º ED. INFANTIL ( 4 ANOS)**

**ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

-O esquema corporal. Comparación do propio corpo co dos demais, e establecer semellanzas e diferenzas.

- Descubrimento e afianzamento da propia lateralidade(dereita/esquerda)

-Os sentidos. Utilización dos sentidos na percepción da realidade exterior e na exploración de obxectos, e identificación das necesidades e sensacións do propio corpo.

- Identificación e expresión de sentimentos, necesidades, desexos propios e dos demais.

- Hábitos.Desenvolvemento de hábitos elementais de organización, atención e constancia nas distintas actividades,

- Colaboración non mantemento da orde e limpeza na casa .

- Coordinación visomanualen actividades de motricidade fina.

- Adquisición de novas habilidades motoras. Recortar co maior precisión lineas curvas e obxectos cada vez máis pequenos.

- Pracer por ser progresivamente autónomo, adquirindo confianzas propias posibilidades e capacidades para realizar distintas tarefas.

- Actitude non discriminatoria ante ás peculiaridades persoais das súas compañeiras e dos seus compañeiros.

- Deleite por manter limpas a súa casa e a súa escola.
- Aceptar, comprender, tolerar e respectar as persoas pertencentes a diferentes razas e formas de vida.
- Interese por adquirir hábitos novos de alimentación, hixiene e seguridade persoal.
- Gozo co descubrimento das posibilidades motoras e posturais do seu corpo.
- Interese por adquirir hábitos novos de alimentación, hixiene e seguridade persoal.
-Colaboración no mantementode ambientes limpos e ordenados
- Interese por adquirir hábitos novos de alimentación, hixiene e seguridade persoal para manter unha boa saúde.
-Valoración axustada dos factores de risco de prácticas sociais cotiás que favorezan ou non a saúde.
<b>ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO</b>
- As estacións. Observación dos cambios que se producen non medio e na forma de organización da vida .
- Os animais vertebrados. Identificación e diferenciación de diferentes animais vertebrados según sexan mamíferos,aves, reptiles, peixes ou anfibios e as súas características principais.
- Observación da relación de utilidade entre o home , animais e plantas.
-- Coidado e respecto polos animais e polas plantas.
- Observación do tempo atmosférico e reflexo no calendario e nun rexistro temporal
- Nocións básicas temporais. Percepción das formas sociais do tempo



(onte/hoxe/mañá, mañá/tarde <i>noite</i> , <i>antesdespois</i> ).
-Discriminación dos días da semana que temos clase e cales non (laborais, non laborais e fin de semana).
- Recoñecer diferentes conmemoracións de identidade culturale interese por participar nelas( día do libro, día da saúde, semán das Letras Galegas).
- Observación, exploración e manipulación de obxectos relacionados coas diferentes profesións.
- Interese por desenvolverse de forma progresivamente autónoma na casa .
- Actitude de colaboración, axuda ca familia.
- Deleite o sentirse un membro da súa familia.
- Constancia dos servizos propios da vida en comunidade.
- Valoración da importancia dos medios de comunicación e información.
- Comparación de coleccións de obxectos segundo diferentes criterios cuantitativos.
- Identificación do atributo que define unha colección (cor, tamaño, forma).
- Observación, comparación e agrupación de obxectos pola súa forma, cor ou tamaño.
- Resolución de problemas sinxelos con apoio gráfico da vida cotiá que impliquen contar ou sacar elementos (suma e resta).
- Situación e desprazamentos polo espazo segundo diferentes nocións espaciais.-
- Situación e colocación de se mesmo/a e dos obxectos segundo

diversas nocións espaciais (cerca, lonxe, máis cerca que, máis lonxe que

- Identificación e discriminación dalgunhas figuras planas(círculo, cadrado, rectángulo, triángulo e a esfera como corpo xeométrico).

- Uso axeitado dos cuantificadores aprendidos.

- Uso da serie numérica para contar elementos.e asociación ca cantidade correspondente.

- Construción da serie numérica por adición u sustración da unidade.

--Control da direccionalidade das grafías dos números.

## **ÁREA DAS LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

-Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico. Respetar a quenda de palabra, escoitar con atención e respecto

- Uso do vocabulario vinculado ao proxecto.

- Audición, comprensión e interpretación dos contos e narracións lidos polo/a mestre/ e familias.

- Iniciación no recitado de poesías, descubriendo o ritmo, a rima e a mensaxe que transmiten.

- Comprensión das intencións comunicativas dos demais en diferentes situacións e actividades.

- Produción de mensaxes sinxelas cunha pronuncia e estruturación progresivamente máis clara.

- Relato de situacións cotiás procurando seguir unha orde temporal.

- Uso correcto das formas socialmente establecidas para solicitar, saudar e despedirse.

- Iniciación no uso do diminutivo.
- Elaboración de frases afirmativas, negativas e interrogativas.
-Interese por interpretar os diversos instrumentos e elementos da lingua escrita.
-Asociación de palabras familiares co seu significado.
-Realización dos trazos propostos.
- Iniciación á lecto-escritura.(propio nome e dos demais ,recoñecemento das letras que o forman) maiúsculas.
-Enriquecemento das estruturas morfolóxicas, recoñecendo as variacións de xénero e número.
-Discriminación de palabras segundo sexan curtas ou longas.
- Observación, secuenciación e ordenación de imaxes.
- Enriquecemento das estruturas morfolóxicas, recoñecendo as variacións de xénero e número.
- Desenvolvemento das habilidades grafomotrices na linguaxe escrita: direccionalidade (maiúsculas)
- Producción de obras plásticas(creacións propias), musicais e dramáticas que desenvolven a creatividade.
- Exploración das técnicas, dos materiais e dos útiles de expresión plástica(rasgado, dobrado, recorte e esgrafiado).
- Interpretación e dramatización xestual de cancións.
- Discriminación de diferentes sons.
- Interpretación das mensaxes corporais expresadas polas súas compañeiras e polos seus compañeiros.

- Iniciación no control do corpo na relaxación.
- Gozo nas audicións de contos, poesías, cancións...
- Esfuerzo por comprender as mensaxes que lle comunican os outros.
- Desexos de expresarse de forma cada vez máis fluída.
- Valoración da importancia do respecto ás normas que rexen ou intercambio lingüístico.
- Respecto cara ás opinións e ideas que expresan os seus compañeiros e ás súas compañeiras.
- Desexos de coñecer as propiedades dos obxectos por medio da observación e da manipulación.
-Identificación das tonalidades das cores (claro/escuro).
- Esfuerzo por utilizar os materiais da expresión plástica correctamente.
- Desexos de aprender técnicas plásticas novas.
- Pracer coa audición e interpretación de cancións.
- Curiosidade, iniciación e interpretación dos medios audiovisuais e tecnolóxicos.
- Iniciación no uso moderado dos medios audiovisuais e tecnolóxicos.

## **2- CUALIFICACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

A cualificación adaptarase as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso en relación aos obxectivos e contidos imprescindibles anteriormente mencionados.

O sistema de cualificación que empregamos é máis cualitativo que cuantitativo atendendo en todo caso e dun xeito global ás diferentes capacidades e competencias reflectidas nos diferentes contidos, habilidades, actitudes, valores e estratexias de aprendizaxe .

Basearei a avaliación na información recollida polas familias (vías de información recollidas) e polo propio seguimento individualizado do traballo realizado polas diferentes canles de comunicació (blog, correo electrónico, teléfono..).

É importante resaltar nesta situación na que nos atopamos que avaliaremos, non só se o alumnado alcanzou as capacidades previstas, senón tamén se os recursos, actividades, metodoloxía, temporalización foron os axeitados.

A avaliación que levamos a cabo nas nosas programacións didácticas é **global, continua e formativa.**

Toda esta información será de gran importancia para a elaboración do informe de avaliación individualizado, no que se recolle o grao de consecución dos obxectivos establecidos e as medidas de reforzo e adaptación, se fosen empregadas. .

### **- Criterios de avaliación.**

#### **- Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.**

- Mostrar coordinación, axilidade e equilibrio nos movementos corporais.
- Valorarse de forma positiva a si mesmo e aos demais.
- Participar activamente en diversos tipos de xogos e actividades.

- Progresar na coordinación e no control das habilidades manipulativas de carácter fino.
- Coñecer e utilizar as normas de comportamento en distintas situacións e espazos.
- Realizar autonomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer as súas necesidades básicas.
- Mostrar autonomía e iniciativa na adquisición de hábitos e condutas relacionados co coidado persoal, coa hixiene, coa saúde e co benestar.

- ***Área de coñecemento do contorno.***

- Discriminar obxectos e elementos do medio inmediato.
- Desenvolver habilidades lóxico - matemáticas (agrupar, clasificar e ordenar) para establecer relacións cualitativas e cuantitativas entre elementos e coleccións.
- Achegarse á comprensión dos números (cardinal e ordinal) e valorar a súa utilidade en situacións propias da vida cotiá.
- Manexar nocións básicas espaciais (arriba/abaixo, dentro/fóra, preto/lonxe...), temporais (antes, despois, pola mañá, pola tarde...)
- Mostrar curiosidade, respecto e coidado cara á comprensión do medio físico e social.
- Valorar a importancia do medio natural para a vida humana.
- Observar os cambios e modificacións dos elementos do medio.
- Mostrar curiosidade polo coñecemento dos diferentes animais, coidados e características.
- Identificar e valorar as características e manifestacións culturais do seu medio.

- ***Área linguaxes: comunicación e representación.***

- Mostrar interese pola utilización da expresión oral.

- Mostrar unha actitude de escoita atenta e respectuosa cara ás opinións e intervencións dos demais.
- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo.
- Coñecer as posibilidades e funcionalidade da linguaxe escrita na vida cotiá como medio de comunicación, información e gozo.
- Mostrar atención e curiosidade polos actos de lectura e manifestar gradualmente o desexo de aprender a ler.
- Interesarse por explorar algunhas características básicas do código escrito e participar nas situacións de escritura que se producen na aula.
- Expresarse e comunicarse por medio de diferentes materiais, instrumentos e técnicas propios das linguaxes musical, audiovisual, plástica e corporal.
- Mostrar interese por compartir as experiencias estéticas e valorar as producións artísticas propias e dos demais.

– *Boletíns trimestrais XADE.*

PÁXINA 14 DE 15

*Adaptaranse os items da 3º avaliación os obxectivos e contidos traballados e reforzados ao longo deste 3º trimestre.*

### 3- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES 3º TRIMESTRE.

Durante estes meses propúxoselles propostas de actividades, seguindo as pautas do que traballaban de xeito presencial, deseñando actividades o mais motivadoras posibles e adaptándoas principalmente a situación actual, tendo en conta o carácter globalizado e interdisciplinar oportuno, e os obxectivos, contidos e competencias traballadas ao longo dos trimestres anteriores.

Para diseñas tívose en conta a diversidade propoñendo actividades que se puidesen facer independentemente dos recursos tecnolóxicos.

Ao longo deste mes entregouselles as familias (servicio táxi a domicilio) material didáctico (cadernillos de matemáticas e inglés).

Para a realización destas tarefas, propónse desde o inicio o uso de **blog do centro** como medio de consulta e realización de actividades tanto globais como de aula.

Igualmente cada mestre temos dentro do blog do cole un **blog de aula(nivel)** onde de xeito rutineiro se ofrecen propostas de actividades e acceso a ligazóns para facilitar a comprensión de diferentes temas a tratar que se realizarán desde a casa.

Tamén se lles facilitou un **correo electrónico (titora)** para o intercambio de información que tamén en ocasións facemos desde o Abalar Móbil.

Para intercambio de información mais xeral tamén se terá en conta o **correo electrónico e móbil do centro**.

### 4- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Informarase ao alumnado e as familias polos medios establecidos e usados ata o momento.

- Abalar móbil.
- Teléfonos (centro, titora ).
- Correo electrónico ( centro, titora ).

Publicidade.

Publicación na web do centro.